




FELIZ VERÁN

libros

PARA



Verán

Cairo branco




Esta novela de **Jack London** é un clásico da literatura universal por máis que o seu autor a considerara unha obra menor. É a historia dun lobicán que descobre a vida, os homes e a civilización e que se atopa atrapado entre a natureza que o chama e a man do home que o atrae, e, porén, a fermosa historia dunha loita interior. Atrévete con ela?

Soidades de Ana. Jordi Sierra i Fabra




Chamábase Ana pero xa só é un recordo. Victoria, a súa irmá maior, chega dende Londres (onde estuda) para o enterro. Atopa que algo hai baixo a morte dunha rapaza de 14 anos. As pescudas levarana a un embarazo e a un aborto mal practicado nunha clínica ilegal por un boticario e un médico de conciencia tan estreita que acaban sendo verdugos, a uns pais covardes, á soidade desolada dunha nena e a moitos outros temas. Todos deberíamos ler este libro para saber, non cres?

A expedición do Pacífico



Esta novela deulle á súa autora, **Marilar Aleixandre**, o premio Merlín. Emilia é unha nena de doce anos que vive no século XIX e soña con mil aventuras. Un día agáchase como polisón nun navío que vai cara ao océano Pacífico. A partir dese momento teremos servidas a polémica entre darwinismo e creacionismo, a paixón polo coñecemento e algunhas ideas feministas. É un bo libro para informarse e pasar un momento divertido. Anímate!

Para maiores



El abrecartas

Vicente Molina Foix

Unha novela epistolar que parte da carta que un amigo da infancia escribe a Federico García Lorca. Unha novela de cruces entre a Historia recente de España e as historias particulares das vítimas da guerra civil, dos “sobreviventes”, dos “vividores”, dos apóstolos da modernidade, das mulleres liberadas e duns poucos destacados intelectuais. Unha gran sinfonía coral con pingas de humor grotesco



Para máis pequenos

OUPS. El mensajero del Planeta del Corazón

Cónonny Wolf e Kurt Hortenhuber



Oups vive nunha galaxia moi lonxe da nosa pero ten un potente telescopio co que pode observar a Terra e os homes, e o que ve non lle gusta. A terra está a ser destruída por uns inconscientes que non saben o que fan. Oups ten bo corazón e decide vir falar cos humanos para tentar arranxar as cousas. Cres que o vai conseguir? Xa nos contarás.

¿Dónde viven los monstruos?

Maurice Sendak

Un día Ma disfrázase de lobo e de repente sente unhas ganas enormes de facer trasnadas, tan grandes que tenta morder a súa nai que moi enfadada o manda para a cama sen cear. No seu cuarto vive unha experiencia extraordinaria porque primeiro aparece un bosque moi espeso e logo viaxa por mar ata... onde viven os monstruos.

Onde vivirán?



USHA de María Reimóndez

Uxía, Usha ou *Luz do Amencer*; dos tres xeitos se chama a protagonista deste libro segundo a chamemos polo nome galego, o indú ou o canarés. Usha vainos contar as súas vivencias na India, os inesquecibles recordos da escola de Devastana, en Karnata, a amizade de Lakshmi e Deepak, o canarés lingua de minorías que aprende, os costumes e as lendas e sobre todo, outro xeito de ver a vida. É bo saber dos demais para apreciálos e apreciar o noso, non cres

O meu nome é Skywalker


Agustín Fernández Paz



O Home das Estrelas ten nome de heroe da Guerra das Galaxias, pero, en realidade é un emigrante, un marxinado, un ser triste ao que ninguén ve máis que os nenos. Raquel faise amiga del e chega a saber que no seu país era músico e poeta e que está na terra para observar os homes que non o ven porque é invisible coma a pobreza, coma a soidade, coma a tristura.... Non vos asustedes, poñédevos a ler o libro para sabelo todo.

Chamádeme Simbad

Francisco J. Castro escribiu esta fermosa historia, a historia dun avó que esqueceu o nome do seu neto Paulo e chámalle Simbad; que pensa que o sofá é un barco pirata e a alfombra o proceloso mar océano; que di e fai cousas raras é ten desconcertados os maiores. Pero a Paulo non. Paulo sabe que facer diante do alzheimer do avó. Sabemos que é unha enfermidade terrible pero estamos dispostos a aprender de Paulo?




A que os maiores tamén lemos? Pois, aló imos!



Enderezo descoñecido

Kressmann Taylor

Marx e Martin son amigos e teñen unha galería de arte en California. Martin é alemán e un día de 1932 marcha para a súa terra. Entón comeza unha relación por carta entre os dous amigos que empeza relatando só asuntos persoais, pero pouco a pouco vai mudando cara a posicións ideolóxicas. Martin entra nas filas do nacionalsocialismo de Hitler e Marx é xudeo. O alemán escolle o camiño fácil, agóchase entre a masa anónima e as cartas de Marx son devoltas porque o seu ex-amigo non as recolle: finxe non estar. É unha novela curta rescatada do esquecemento. Vale a pena lela.



La búsqueda del dragón

Ann MacCaffrey

Os valentes xinetes do dragón Pen, que teñen conexión mental coas súas cabalgaduras, teñen que loitar contra as terribles “febras” que acaban con todo tipo de vida. A loita é feroz pero parece que aos xinetes de Pen lles vai facer falta algo máis que valor. Queres saber por que? Pois vas ter que ler o libro.



La cripta de los templarios Manuel Monídez

A Orde do Temple está a ser perseguida e en Francia os cabaleiros templarios arden na fogueira pero dous deles conseguen fuxir portando un grande *tesouro*, un tesouro segredo da Orde. Cruzan os Pirineos pero saben que non están a salvo, nin as súas vidas nin o seu segredo e... Interésache o que segue? Pois é fácil porque está no libro.



Verano en vaqueros

Ann Brashares

Catro amigas moi amigas, un verán por diante, uns pantalóns vaqueiros especiais que queren compartir porque, misteriosamente, lles sentan de marabilla ás catro. Cada unha terá un verán diferente e ao fin do verán terán moito que contar e que contarnos. Escoitamos o que din? Non sentides curiosidade?



La reina del palacio de las corrientes de aire.

Si, é certo, é a última novela da triloxía **Millennium**, de **Stieg Larsson**. A moza do bidón de gasolina, é dicir, Lisbeth, non está morta, pero ten unha bala no cerebro e un inimigo perigoso está ao axexo no propio hospital. Ela sabe que ten que manter vivas as súas habilidades informáticas se quere gañar a batalla. Mentres, Mikael séntese só e ten a certeza de que non a pode deixar na man da xustiza porque está acusada de graves crimes e Kalle ... Non imos destripar a novela porque seguro que queredes lela.